

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E A FUNDACIÓN SANTIAGO APÓSTOL DE CIENCIAS SOCIALES, ENTIDADE XURÍDICA RESPONSABLE DA ESCOLA UNIVERSITARIA DE TRABALLO SOCIAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, PARA O DESENVOLVEMENTO DA FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO

Santiago de Compostela, a 20 de maio de 2011.

REUNIDOS



Por unha parte, D. Carlos Antonio Fernández Castro con D.N.I. nº 33.226.715H como Presidente e representante legal da *Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp)*, con domicilio en rúa Varsovia portal 4C - 6ª planta, código postal 15707, en Santiago de Compostela e código de identificación fiscal V15160963.

E doutra, Dª Teresa Facal Fondo, con D.N.I. nº 32.748.615L como Delegada da *Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociales*, entidade xurídica responsable da Escola Universitaria de Traballo Social, centro adscrito á Universidade de Santiago de Compostela, con domicilio na Praza da Inmaculada, nº 5 - 3ª planta, código postal 15704 de Santiago de Compostela, e código de identificación fiscal G15666514.

EXPOÑEN

Que ambas as partes recoñécense reciprocamente capacidade e lexitimidade para acordar.

Que o obxectivo do presente acordo é a colaboración entre as entidades ás que representan para o desenvolvemento do prácticum do alumnado de traballo social.



ACORDAN

Subscribir o presente acordo de colaboración para o desenvolvemento da formación do alumnado de traballo social en centros dependentes das entidades locais de Galicia que se adhiran ao presente convenio marco de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- O alumnado de traballo social desenvolverá actividades formativas programadas nos centros e servizos das entidades locais de Galicia adheridas á Fegamp e ao presente convenio marco sen que isto implique relación laboral ningunha con estas institucións, esta será polo tanto estritamente académica.

Segunda.- O Concello ou Entidade Local colaborará na formación do alumnado de traballo social sen que en ningún momento poida verse afectado o seu normal funcionamento.

Terceira.- O número de alumnos en prácticas será determinado de mutuo acordo, cada ano, entre as partes. Estarán acollidos ao Réxime Xeral do Seguro Escolar na cobertura dos riscos de enfermidade e accidentes, sen prexuízo da póliza que la Fundación poida subscribir como seguro adicional para mellorar as indemnizacións, cubrir danos a terceiros ou responsabilidade civil.

Cuarta.- Os alumnos garantirán e asinarán un documento de confidencialidade da información e dos datos, tanto orais como escritos, que con ocasión das prácticas tivesen coñecemento.

Quinta.- A entidade responsable da docencia presentará ao traballador social responsable do alumno o programa de prácticas a realizar por este, e fará un seguimento do alumnado en coordinación co responsable da Entidade Local, e este pola súa parte enviará á Escola un informe de avaliación das referidas prácticas unha vez concluído o cumprimento das mesmas. Poderase facer unha revisión da programación, se fora necesario, unha vez iniciado o período de prácticas.

